



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE VINTE E UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 39)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **vinte e un de setembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Álvaro Santos Ramos.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de setembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA AS NOGAIS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0709 “HORTA (N-VI)-VILADICENTE (LU-P-3702)”, P.K. 7+554-10+034 E LU-P-3702 “AS NOGAIS (N-VIA)-NULLAN-LAMAS (LU-P-0706)”, P.K. 2+660-4+885.

Logo de ver o expediente relativo á obra de AS NOGAIS.- Rehabilitación de firme LU-P-0709 “Horta (N-VI) - Viladiciente (LU-P-3702)”, P.K. 7+554 - 10+034 e LU-P-3702 "As Nogais (N-VIA) - Nullan - Lamas (LU-P-0706)", P.K. 2+660 - 4+885, que foi aprobado pola Xunta de Goberno con data 2 de marzo de 2018 por un importe de 170.808,57 € e 35.869,80 € de IVE, e que foi adxudicada á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, por acordo da Xunta de Goberno de data 13 de xullo de 2018, na cantidade de 110.666,88 € e 23.240,04 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 119,77 metros e un Plan de Comunicación por importe de 768,64 € e 161,41 € de IVE e prazo de execución de 3 meses; formalizándose con data 30 de xullo de 2018 o correspondente contrato en documento administrativo.

Tendo en conta que con data do 18 de setembro de 2018, se recibiu nesta Entidade Provincial documento de proposta de modificación do contrato anteriormente mentado.



Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Intervención e do Director técnico, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a modificación do contrato da obra AS NOGAIS.- Rehabilitación de firme LU-P-0709 "Horta (N-VI) - Viladicente (LU-P-3702)", P.K. 7+554 - 10+034 e LU-P-3702 "As Nogais (N-VIA) - Nullan - Lamas (LU-P-0706)", P.K. 2+660 - 4+885, adxudicado á mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 110.666,88 € e 23.240,04 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 119,77 metros (a executar na estrada LU-P-3702 dende o P.K. 2+660) e un Plan de Comunicación por importe de 768,64 € e 161,41 € de IVE e prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas.

2º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA POBRA DO BROLLÓN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4702 "VILACHA-ROZABALES-ESTACIÓN DE POBRA DO BROLLÓN", P.K. 0+000 AO 1+125, LU-P-4703 "LU-652-SANTALLA DE REI-LU-653", P.K. 4+660 AO 6+860, LU-P-4707 "POBRA DO BROLLÓN (LU-653)-SAA-VENEIRA DEROQUES", P.K. 1+000 AO 2+800 E LU-P-4710 "LU-P-01 SALCEDO-ESTACIÓN DE POBRA DO BROLLÓN (LU-933)", P.K. 2+210 AO 4+820.

Logo de ver o expediente relativo á obra de POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme Lu-P-4702 "Vilacha-Rozabales-Estación de Pobra do Brollón", P.K. 0+000 ao 1+125, LU-P-4703 "LU-652-Santalla de Rei-LU-653", P.K. 4+660 ao 6+860, LU-P-4707 "Pobra do Brollón (LU-653) - Saa-Veneira Deroques", P.K. 1+000 ao 2+800 e LU-P-4710 "LU-P-4701 Salcedo-Estación de Pobra do Brollón(LU-933)" P.K. 2+210 ao 4+820, que foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 23 de febreiro de 2018 por un importe de 305.149,39 € e 64.081,37 € de

IVE, e que foi adxudicada á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xuño de 2018, na cantidade de 207.422,25 € e 43.558,67 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 79,43 metros e un Plan de Comunicación por importe de 1.525,74 € e 320,41 € de IVE e prazo de execución de 3 meses; formalizándose con data 5 de xullo de 2018 o correspondente contrato en documento administrativo e con data 27 de xullo de 2018 faise a comprobación do replanteo.

Tendo en conta que con data do 18 de setembro de 2018, recibíuse nesta Entidade Provincial proposta de modificación do contrato identificado anteriormente, xunto con copia da solicitude da Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón no que solicita “ ... as melloras de obra previstas na estrada LU-P-4706, sendo de escasa contía (...), se estudie a viabilidade de facerse na estrada LU-P-4702 continuando o tramo licitado”.

Tendo en conta que con data 7 de setembro de 2018 se achega a esta Deputación Provincial escrito do Concello de A Pobra do Brollón realizando unha petición de cambio de lugar de execución da mellora de obra proposta inicialmente, sita na estrada provincial LU-P-4706, para executar na vía LU-P-4702, a partir do P.K. 1+125.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Intervención e do Director técnico, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a modificación do contrato da obra POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4702 "Vilacha-Rozabales-Estación de Pobra do Brollón", P.K. 0+000 ao 1+125, LU-P-4703 "LU-652-Santalla de Rei-LU-653", P.K. 4+660 ao 6+860, LU-P-4707 "Pobra do Brollón (LU-653)-Saa-Veneira Deroques", P.K. 1+000 ao 2+800 e LU-P-4710 "LU-P-4701 Salcedo-Estación de Pobra do Brollón(LU-933)" P.K. 2+210 ao 4+820", adxudicado á mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 207.422,25 € e 43.558,67 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 75,87 metros (a executar na estrada LU-P-4702 a partir do P.K. 1+125) e un Plan de Comunicación por importe



de 1.525,74 € e 320,41 € de IVE e prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas e adaptadas en metros á especificacións da estrada.

2º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5804 “REBORDONDIEGO (LU-611)-AIAZ-MORGAGE (LU-P-4102)”, 3+933 -10+933 E LU-P-5801 “IGREXA DE COVA-FIÓN-LU-P-4102A”, P.K. 0+000 AO 2+976.

Logo de ver o expediente relativo á obra de O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 “Rebordondiego (LU-611) - Aiaz - Morgade (LU-P-4102)”, 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 “Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A”, P.K. 0+000 ao 2+976, que foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 2 de marzo de 2018 por un importe de 328.478,38 € e 68.980,46 € de IVE, e que foi adxudicada á empresa FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L, por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xuño de 2018, na cantidade de 220.000,00 € e 46.200,00 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 400,00 metros e un Plan de Comunicación por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e prazo de execución de 3 meses; formalizándose con data 3 de xullo de 2018 o correspondente contrato en documento administrativo e con data 26 de xullo de 2018 faise a comprobación do replanteo.

Tendo en conta que con data do 18 de setembro de 2018, recibíuse nesta Entidade Provincial escrito de proposta de modificación do contrato anteriormente mentado, xunto con copia da solicitude da Alcaldía do Concello de O Saviñao no que sinala “ ... estamos totalmente de acordo en investir as melloras no remate das obras da 5804 no lugar de Aiaz, para que queden comunicadas a 4102 (Escairón-Currelos) coa 3202 (Monforte-Currelos)”.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Intervención e do Director técnico, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a modificación do contrato da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 "Rebordondiego (LU-611) - Aiaz - Morgade (LU-P-4102)", 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 "Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A", P.K. 0+000 ao 2+976, adxudicado á mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 220.000,00 € e 46.200,00 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 418,37 metros (a executar na estrada LU-P-5804 dende o P.K. 10+933) e un Plan de Comunicación por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas e adaptadas en metros ás especificacións da estrada.

2º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN, LIÑAS DE MEDIA TENSIÓN E GRUPOS ELECTRÓXENOS DOS CENTROS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de mantemento dos centros de transformación, liñas de media tensión e grupos electróxeos dos centros desta Excma. Deputación Provincial.

Resultando que os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adaptacións á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.



Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Arquitectura, e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento dos centros de transformación, liñas de media tensión e grupos electróxeos dos centros desta Excma. Deputación Provincial.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 18.000 € (dous anos) aos que se aplicará un IVE do 21%, 3.780,00 €, o que fai un total de 21.780,00 €.

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe consignación no orzamento de gastos do 2018, pola cantidade de 5.445 € para a anualidade 2018.

Adquirir esta Entidade Provincial o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos na anualidade de 2019 a cantidade de 10.890 euros e 5.445 euros na anualidade de 2020.

| CENTRO | ANUALIDADE | IMPORTE |
|--------------------|------------|---------|
| PALACIO PROVINCIAL | 2018 | 453,75 |
| | 2019 | 907,50 |
| | 2020 | 453,75 |
| SANTA MARIA | 2018 | 453,75 |
| | 2019 | 907,50 |
| | 2020 | 453,75 |

| | | |
|--------------------------------|------|-----------|
| PAZO DOS DEPORTES | 2018 | 756,25 |
| | 2019 | 1.512,50 |
| | 2020 | 756,25 |
| SAN JOSE (TIC) | 2018 | 453,75 |
| | 2019 | 907,50 |
| | 2020 | 453,75 |
| GRANXA GAYOSO CASTRO | 2018 | 665,50 |
| | 2019 | 1.331,00 |
| | 2020 | 665,50 |
| CENTRO INTERPRETACION RIO RATO | 2018 | 665,50 |
| | 2019 | 1.331,00 |
| | 2020 | 665,50 |
| MAZO DE SANTA COMBA | 2018 | 665,50 |
| | 2019 | 1.331,00 |
| | 2020 | 665,50 |
| CLUB NAUTICO DE DOADE | 2018 | 665,50 |
| | 2019 | 1.331,00 |
| | 2020 | 665,50 |
| CLUB NAUTICO DE AUGASMESTAS | 2018 | 665,50 |
| | 2019 | 1.331,00 |
| | 2020 | 665,50 |
| SUMA | | 21.780,00 |

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS APARATOS ELEVADORES DOS DISTINTOS EDIFICIOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios desta Excma. Deputación Provincial.

Resultando que os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con



carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Arquitectura, e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios desta Excma. Deputación Provincial.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 8.400 € (dous anos) aos que se aplicará un IVE do 21% 1.764,00 € o que fai un total de 10.164,00 €.

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe consignación no orzamento de gastos do 2018 pola cantidade de 2.541,00 € para a anualidade 2018.

Adquirir o compromiso esta Entidade Provincial, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade 5.082,00 euros e 2.541,00 euros na anualidade de 2020.

| CENTRO | ANUALIDADE | IMPORTE |
|-----------------------|------------|-----------|
| PALACIO PROVINCIAL | 2018 | 1.161,60 |
| | 2019 | 2.323,20 |
| | 2020 | 1.161,60 |
| MUSEO PROVINCIAL | 2018 | 580,80 |
| | 2019 | 1.161,60 |
| | 2020 | 580,80 |
| ESCOLA DE IMAXE E SON | 2018 | 580,80 |
| | 2019 | 1.161,60 |
| | 2020 | 580,80 |
| PAZO DE TOR | 2018 | 217,80 |
| | 2019 | 435,60 |
| | 2020 | 217,80 |
| SUMA | | 10.164,00 |

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

7.- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS A EMPREGAR EN TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EXECUTADOS POLO PARQUE MÓBIL DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL (LOTES I, II E III).

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, de data 3 de febreiro 2017, foi aprobado o expediente de contratación, o procedemento de adxudicación e o gasto para a contratación por lotes da subministración de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil desta Excma. Deputación Provincial.

Resultando que con data 22 de setembro de 2017 pola Xunta de Goberno foi aprobada a adxudicación dos tres lotes á entidade CANTEIRA DO PENEDO S.A., para a subministración de áridos anteriormente mentados. Formalizándose os contratos dos lotes I, II e III o día 30 de outubro de 2017, con data de vencemento o día 30 de outubro de 2018.



Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Intervención e do Parque Móbil, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Prorrogar os contratos orixinarios para os Lotes: I (Zona Norte), II (Zona Centro) e Lote III (Zona Sur), por un período dun ano, sen modificar as restantes condicións do contrato, dende o 30 de outubro de 2018.

2º.- Determinar que o importe da prórroga será o importe da adjudicación, sendo o Lote I (Zona Norte) 33.529,10 € (IVE incluído); para o Lote II (Zona Centro) de 100.587,30 € (IVE incluído); e 33.529,10 € (IVE incluído) para o Lote III (Zona Sur), sumando o total dos tres lotes 167.645,50 € de conformidade coas seguintes anualidades e segundo o seguinte desglose:

- Anualidade 2018: 28.859,51 euros.
- Anualidade 2019: 167.645,50 euros.

| LOTE 1: ZONA NORTE | | LOTE 2: ZONA CENTRO | | LOTE 3: ZONA SUR | | TOTAL | | |
|-----------------------|----------------------|------------------------|----------------------|---------------------|----------------------|-------------------|--------------------|--------------------|
| 2018 | 2019 | 2018 | 2019 | 2018 | 2019 | 2018 | 2019 | TOTAL |
| 4.770,17 | 22.939,83 | 14.310,50 | 68.819,50 | 4.770,17 | 22.939,83 | 23.850,84 | 114.699,16 | 138.550,00 |
| 1.001,73 (IVE) | 4.817,37 (IVE) | 3.005,21 (IVE) | 14.452,09 (IVE) | 1.001,73 (IVE) | 4.817,37 (IVE) | 5.008,67 (IVE) | 24.086,83 (IVE) | 29.095,50 (IVE) |
| TOTAL 5.771,90 € | TOTAL 27.757,20 € | TOTAL 17.315,71 € | TOTAL 83.271,59 € | TOTAL 5.771,90 € | TOTAL 27.757,20 € | 28.859,51 € | 138.785,99 € | 167.645,50 € |

3º.- Adquirir esta Excm. Deputación Provincial o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 as cantidades anteriormente indicadas.

8.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, SE PROCEDE, DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE DESISTENCIA DO PROCEDIMENTO DE ADJUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVA A AVALIACIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICO-ADMINISTRATIVA DO PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA

“LIFE16NAT/ES/707-LIFE IN COMMON LAND-XESTIONANDO EN COMÚN A TERRA, UN MODELO SOSTIBLE DE CONSERVACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL NAS ZONAS ESPECIAIS DE CONSERVACIÓN”.

Logo de ver o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, do seguinte teor:

“Visto o recurso de reposición interposto pola mercantil CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL S.L.P., contra o acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo de data 29 de xuño de 2018, rectificado con data 6 de xullo do 2018, en virtude do cal procedeuse a desistir do procedemento de adxudicación da contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación, emítese o seguinte informe:

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, adoptou, en sesión ordinaria celebrada con data 29 de xuño de 2018, e rectificado en sesión ordinaria celebrada con data 6 de xullo do 2018, o seguinte acordo:

“Desistir do procedemento de adxudicación da contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación, de conformidade co disposto no artigo 155 do TRLCSP, con fundamento na concorrencia dunha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, a cal está debidamente xustificada no expediente, deixando sen efecto todo o actuado e procedendo ao arquivo do expediente.

Compensar aos candidatos ou licitadores que concorreron a este procedemento polos gastos nos que incorresen, de conformidade coas regras de responsabilidade patrimonial previstas no Capítulo IV (artigos 32 e seguintes) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, ata o límite dos gastos ocasionados pola preparación das ofertas ou a participación no procedemento de contratación, os cales deberán ser reclamados e xustificados debidamente por aqueles.

Notificar o contido do presente acordo aos candidatos ou licitadores que participaron no expediente de referencia.

Publicar o contido do presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo.

Impulsar os trámites precisos para iniciar un novo procedemento de contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”.

Con data 12 de xullo do 2018 notificouse aos licitadores que participaron no mencionado procedemento de contratación, o contido do acordo sinalado no parágrafo anterior. Dito acordo, xunto cos informes e resolucións que serviron de base para a súa adopción foron obxecto de publicación no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), publicándose tamén en dito perfil e no BOP de Lugo, o anuncio de desistencia do procedemento.

Mediante escrito de data 7 de Agosto do 2018 mercantil CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL S.L.P., interpón recurso de reposición no que solicita que se retrotaigan as actuacións realizadas ao momento anterior da apertura do sobre C (oferta económica), para reescalar a valoración do apartado 1.1. Fase 1 de acordo á escala de valores publicada nos pregos do procedemento de contratación, nomeando para elo unha nova comisión independente, que permita obter unha valoración definitiva e correcta do sobre B.

De acordo co previsto no artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con data 4 de setembro do 2018, dáse traslado aos licitadores que participaron no procedemento de contratación de referencia, do contido íntegro do recurso mencionado no parágrafo anterior para que no prazo de 5 días hábiles formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes. Transcorrido dito prazo non se recibiu alegación algunha por parte dos licitadores

Na mesma data sinalada no parágrafo anterior, deuse traslado do contido do recurso de reposición sinalado ao Servizo de Medio Ambiente, órgano promotor da contratación de referencia aos efectos da emisión do correspondente informe. Consta no expediente informe do Director de Medio Ambiente de data 10-09-2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Contra o acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo de data 29 de xuño de 2018, rectificado con data 6 de xullo do 2018, en virtude do cal procedeuse a desistir do procedemento de adxudicación da contratación con número de referencia, por non poñer fin á vía administrativa procede interpor recurso de reposición, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante Lei 39/2015)

A competencia para resolver o presente recurso, correspóndelle á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, por ser o órgano que ditou o acordo contra o que se interpón aquel, en aplicación do sinalado no artigo 123 da Lei 39/2015.

O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido, de conformidade co artigo 124 da mencionada Lei 39/2015.

O artigo 124.2 de dita Lei sinala que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de un mes. Considerando que no caso que nos ocupa, transcorrido dito prazo non se ditou resolución expresa é de aplicación o previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, que establece como regra xeral que “Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da



resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencimiento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, lexítima ao interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo”, sinalando o mesmo artigo unha serie de excepcións á esta regra xeral entre a que se atopa a aplicable a este caso en cuestión, xa que dito precepto sinala que “O sentido do silencio tamén será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados (...)”. De acordo co anterior as pretensións formuladas polo recorrente no seu escrito de interposición deben entenderse desestimadas

Non obstante o anterior, e, en aplicación do artigo 21 da Lei 39/2015, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación. Sinalar a este respecto o previsto no artigo 24.3, letra b) da amentada Lei, onde se di textualmente:

“A obrigación de ditar resolución expresa a que se refire o apartado primeiro do artigo 21 suxeitarase ao seguinte réxime:

...

Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencimiento do prazo adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio (...)”

A entidade recorrente basea as súas pretensións nas fundamentacións que a continuación se analizan:

RETROACCIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS AO MOMENTO ANTERIOR DA APERTURA DO SOBRE C (OFERTA ECONÓMICA), PARA REESCALAR A VALORACIÓN DO APARTADO 1.1. FASE 1 DE ACORDO Á ESCALA DE VALORES PUBLICADA NOS PREGOS DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN

O recorrente sinala no seu escrito que as deficiencias ocorridas durante o proceso de contratación son perfectamente emendables, xa que se trataría de que, en base ás ofertas técnicas

presentadas por cada un dos licitadores no sobre B, reescalar os valores outorgados inicialmente para o apartado 1.1 da Fase 1 que inicialmente foron valorados de 0 a 10 puntos para ser axustados a unha escala de 0 a 7 puntos. Sinala que se trataría de respectar a proporcionalidade das valoracións con respecto ao valor máximo (un axuste realizado por regresión lineal simple), resultante dunha sinxela operación matemática.

En relación a esta petición do recorrente e de acordo cos informes que obran no expediente compre sinalar as seguintes cuestións:

O cadro resumo coa puntuación outorgada aos licitadores durante a Fase 1 do procedemento, relativa aos criterios non avaliábelos automaticamente mediante formulas matemáticas, e que se inclúe no informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente de data 5 de maio do 2018, relativo aos criterios suxeitos a xuízo de valor é o que segue:

| Licitadora | Apartado 1.1. Fase 1. Plan de Proxecto | Apartado 1.2. Fase 1. (Enfoque da oferta técnica, metodoloxía,...) | | | | |
|--|--|---|----------------------------------|------------------------------------|---------------------------------|--|
| | (0-10 puntos) | Apoio técnico (0-7 ptos.) | Apoio administrativo (0-7 ptos.) | Seguimento do proxecto (0-7 ptos.) | Reunións de xestión (0-7 ptos.) | Visitas, auditorías, verificacións e inspeccións externas. (0-7 ptos.) |
| CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL | 8,50 | 5,00 | 5,25 | 5,25 | 5,00 | 5,00 |
| EURO FUNDING EU PROJECTS S.L | 3,50 | 1,50 | 3,25 | 3,00 | 1,50 | 1,50 |
| SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L. | 7,00 | 3,00 | 5,25 | 5,25 | 5,00 | 5,00 |
| UTE 3 EDATA KAIZEN | 8,00 | 6,00 | 5,75 | 5,50 | 5,50 | 5,75 |

A cláusula número 12 do PCAP reitor do expediente de referencia sinala para a Fase 1 do proceso de valoración de ofertas o seguinte:

“CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Distinguiranse dúas fases no proceso de valoración das ofertas presentadas.



CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (ATA UN MÁXIMO DE 45 PUNTOS).

As empresas que non acaden a puntuación mínima de 22,5 puntos na Fase 1 de acordo cos criterios que se establecen de seguido, non continuarán no proceso de valoración. Os criterios de valoración que se empregarán na Fase 1, son os seguintes:

PLAN DE PROXECTO: METODOLOXÍA DE REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO, E CONCRETAMENTE TODO O RECOLLIDO NO APARTADO 3 DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN ESTE CONTRATO

Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos o plan de xestión de proxecto indicado na oferta, o que inclúe a metodoloxía de traballo a realizar, a organización do proxecto e os procesos e ferramentas utilizadas para levar a cabo a xestión do proxecto, os sistemas a implementar para controlar e asegurar a calidade dos servizos prestados e o cronograma presentado, valorando o súa adecuación ás necesidades da Deputación de Lugo.

O anterior valorarase seguindo o seguinte criterio:

- 0 puntos. A proposta non fai referencia a unha metodoloxía nin plan de xestión relacionada coas accións detalladas no prego técnico, ou non establece un cronograma validado, ou no caso de facelo non cubre os mínimos requiridos nos pregos.*
- 2,33 puntos. A proposta describe con pouca profundidade o plan de proxecto, cubrindo o mínimo requirido nos pregos, pero sen aportar ningún valor ou se axustarse por completo as necesidades da Deputación.*
- 4,70 puntos. A proposta describe en detalle e profundidade o plan proxecto, a metodoloxía, ferramentas e o plan de traballo e de aseguramento da calidade, así coma o cronograma se adapte ao esixido para a realización do proxecto, estando acorde ao requirido no prego e axéitanse ás necesidades da Deputación*

- 7 puntos. A proposta describe en detalle e profundidade o plan proxecto, a metodoloxía, ferramentas e o plan de traballo e de aseguramento da calidade, así coma o cronograma se adapte ao esixido para a realización do proxecto, sendo a solución máis óptima para abordar o proxecto, en base as necesidades do prego e o máis aliñado cas características da Deputación.

ENFOQUE DA OFERTA TÉCNICA, METODOLOXÍA, CALIDADE DA PROPOSTA E ADECUACIÓN AO ESTABLECIDO NAS ACCIÓNS DO PROXECTO.

Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 38 puntos segundo se sinala a continuación, e que se corresponde cos traballos a desenvolver indicados no prego de prescricións técnicas.

Apoio técnico. (ver punto 3.a do prego de prescricións técnicas). Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos.

Apoio administrativo (ver punto 3.b do prego de prescricións técnicas). Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos.

Seguimento do proxecto (ver punto 3.c do prego de prescricións técnicas). Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos.

Reunións de xestión (ver punto 3.d do prego de prescricións técnicas). Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos.

Visitas, auditorías, verificacións e inspeccións externas. (ver punto 3.e do prego de prescricións técnicas). Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos.

Traballos xerais de apoio aos socios. (ver punto 3.f do prego de prescricións técnicas). Valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 3 puntos.



Valoraranse os subapartados a), b), c), d) e e) anteriores segundo a adecuación e solvencia de cada unha das solucións aportadas na proposta, en canto ao nivel de cumprimento dos requirimentos e o aliñamento cas necesidades nas accións do proxecto, co baremo seguinte:

- *0 puntos. A proposta non cubre o requirido ou non se axusta as necesidades da Deputación*
- *2,33 puntos. A proposta cubre en maior medida o requirido*
- *4,70 puntos. A proposta cubre todo o requirido e axustase aliñamento cas necesidades nas accións do proxecto*
- *7,00 puntos. A proposta non só cubre todo o requirido senón que ademais aporta valor engadido e corresponde cas necesidades nas accións do proxecto.*

Valorarase o subapartado f) segundo a adecuación e solvencia de cada unha das solucións aportadas na proposta, en canto ao nivel de cumprimento dos requirimentos e o aliñamento cas necesidades nas accións do proxecto, co baremo seguinte:

- *0 puntos. A proposta non cubre o requirido ou non se axusta as necesidades da Deputación*
- *1 punto. A proposta cubre en maior medida o requirido*
- *2 puntos. A proposta cubre todo o requirido e axustase aliñamento cas necesidades nas accións do proxecto*
- *3 puntos. A proposta non só cubre todo o requirido senón que ademais aporta valor engadido e corresponde cas necesidades nas accións do proxecto.”*

Obsérvase á vista do exposto, que na valoración do apartado 1 da Fase 1 relativa ao “Plan de Proxecto” o informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente data 5 de maio do 2018 que obra no expediente realizou a valoración correspondente de este apartado sobre un máximo de 10 puntos, cando na cláusula 12 do PCAP establecíase que a puntuación máxima a outorgar neste apartado sería de 7 puntos.

A modo de exemplo, e aplicando, unha regra proporcional ás puntuacións outorgadas no informe de valoración sobre un máximo de 7 puntos como así o establece a mencionada cláusula 12 do PCAP, resultarían as seguintes puntuacións no apartado “Plan de Proxecto”

| LICITADOR | PUNTUACIÓN OUTORGADA NO APARTADO 1 DA FASE 1 SOBRE UN MÁXIMO DE 10 PUNTOS | PUNTUACIÓN QUE RESULTARÍA NO APARTADO 1 DA FASE 1 SOBRE UN MÁXIMO DE 7 PUNTOS APLICANDO A REGRA PROPORCIONAL |
|--|---|--|
| CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL | 8,50 | 5,95 |
| EURO FUNDING EU PROJECTS S.L | 3,50 | 2,45 |
| SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L. | 7,00 | 4,90 |
| UTE 3 EDATA KAIZEN | 8,00 | 5,6 |

En caso de atender á petición do recorrente e aplicar unha regra proporcional ás puntuacións outorgadas no informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente data 5 de maio do 2018, para así cumprir co previsto na cláusula 12 do PCAP, resultaría que a diferenza de puntuación neste apartado, entre a oferta técnica mellor valorada (CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL) é a segunda mellor valorada (UTE 3 EDATA KAIZEN), pasaría de 0,5 puntos a 0,35 puntos. O mesmo sucedería nas restantes comparacións que se poidan realizar entre as puntuacións outorgadas aos licitadores aplicando esta regra proporcional, de tal xeito que o resultado final da valoración total dos licitadores si podería verse alterada no caso de estimar o solicitado polo recorrente e retrotraer ás actuacións ao momento anterior da apertura do SOBRE C.

Por outra banda, no que respecta á valoración do apartado 2 da Fase 1 relativa ao “Enfoque da Oferta técnica”, obsérvase no cadro resumo que o informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente data 5 de maio do 2018 que obra no expediente realizou a valoración deste apartado considerando os seguintes ítems:

1. Apoio técnico.
2. Apoio administrativo
3. Seguimento do proxecto



4. *Reunións de xestión*
5. *Visitas, auditorías, verificacións e inspeccións externas*

Todos eles foron valorados cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 7 puntos

Na cláusula 12 do PCAP sinalada, os ítems a valorar son os seguintes:

1. *Apoio técnico.*
2. *Apoio administrativo*
3. *Seguimento do proxecto*
4. *Reunións de xestión*
5. *Visitas, auditorías, verificacións e inspeccións externas*
6. *Traballos xerais de apoio aos socios*

O PCAP sinala que os 5 primeiros ítems valoraranse cun mínimo 0 puntos e un máximo de 7 puntos, mentres que o ítem número 6 “Traballos xerais de apoio aos socios”, valorarase cun mínimo de 0 puntos e un máximo de 3 puntos.

A vista do exposto, pode observarse que no informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente data 5 de maio do 2018, o ítem número 6 non foi obxecto de valoración, de tal maneira que neste punto, como así pon de manifesto o informe do Servizo de Medio ambiente de data 10 de setembro do 2018, o reescalado de puntuacións solicitado polo recorrente non sería posible ao non terse valorado este ítem. En base ao anterior e ao igual que se manifestou no parágrafo anterior, o resultado final da valoración total dos licitadores sí podería verse alterada no caso de estimar o solicitado polo recorrente e retrotraer ás actuacións ao momento anterior da apertura do SOBRE C.

Por último, hai que sinalar que como se establece na cláusula 12 do PCAP amentada, tanto na valoración do apartado 1 da Fase 1 relativa ao “Plan de Proxecto” como na valoración do apartado 2 da Fase 1 relativa ao “Enfoque da Oferta técnica”, regúlase un baremo fixo aos efectos de realizar a valoración dos diferentes ítems en función de diferentes variables: A proposta

non cubre o requirido ou non se axusta as necesidades da Deputación; a proposta cubre en maior medida o requirido, etc.

Pódese observar no informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente de data 5 de maio do 2018, que nas puntuacións outorgadas aos licitadores nos apartados 1 e 2 da Fase 1, non se respectou o baremo previsto polos pregos en ningún caso.

A modo de exemplo se tomamos como referencia as puntuacións outorgadas en dito informe en relación ao apartado 2 da Fase 1 relativa ao “Enfoque da Oferta técnica”, no que respecta ao ítem Apoio técnico, resulta que o licitador que obtivo a menor puntuación neste ítem (EURO FUNDING EU PROJECTS S.L), ten unha puntuación de 1,5 puntos mentres que o baremo regulado no PCAP, sinala que as puntuacións que podería acadar neste ítem en función do contido da súa proposta serían de 0 puntos, 2,33 puntos, 4,70 puntos ou 7 puntos, pero nunca, calquera outra puntuación diferente das sinaladas. De acordo co anterior, a retroacción do procedemento ao momento anterior da apertura do SOBRE C tamén implicaría que a valoración final dos licitadores se vise alterada.

En base ao exposto nas letras a), b) e c) anteriores, pódese concluír, que a retroacción do procedemento solicitada polo recorrente e o nomeamento dunha nova comisión independente para que realice unha valoración definitiva e correcta dos criterios non avaliábeis automaticamente de acordo co previsto na cláusula 12 do PCAP, implicaría unha alteración importante da puntuación acadada polos licitadores na Fase 1 do proceso con respecto ás puntuacións reflectidas no informe de valoración do Servizo de Medio Ambiente data 5 de maio do 2018.

Compre neste punto remitirnos ao Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 28 de xuño do 2018, onde poñía de manifesto que a existencia dos erros descritos na valoración dos criterios de adxudicación non valorables mediante fórmulas matemáticas do EXP0025SE17-ABO, tiña a entidade suficiente como para considerar que se trata dunha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, cumpríndose así un dos requisitos precisos para a desistencia do procedemento de adxudicación, posto que ao voltar a efectuar unha nova valoración dos aspectos subxectivos no que se recoñece a existencia de un erro, para a súa revisión, xa se coñecen as puntuacións atribuídas conforme aos criterios



obxectivos ou matemáticos e polo tanto o carácter reservado destes aspectos da oferta conectando coa igualdade e seguridade xurídica nos termos expostos nas resolucións de “auctoritas” citadas. A estes efectos, no citado informe do Servizo de Contratación e fomento, reproducíase o contido da Resolución nº 225/2016, recaída no Recurso nº 147/2016, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que no seu fundamento de dereito oitavo sinala expresamente.

“En procedimemento de adjudicación que examinamos, se da la circunstancia de que la valoración mediante juicios de valor, que determinó la imposibilidad de la recurrente de continuar en el procedimemento de adjudicación, fue seguida de la apertura y consiguiente valoración de las ofertas económicas de los licitadores admitidos a dicha fase, mediante fórmula.

No podemos dejar de lado, como hemos señalado en anteriores Resoluciones (por todas las números 155/2014, de 20 de febrero, 761/2014, de 14 de octubre, 193/2015, de 26 de febrero, y 673/2015, de 17 de julio), la exigencia de respetar el principio de confidencialidad, y su especial vinculación con los principios de igualdad y libre concurrencia, resultando imposible efectuar una nueva valoración sujeta a juicios de valor, con posterioridad a la toma de conocimiento de las ofertas evaluables mediante fórmulas automáticas, de conformidad con lo establecido en el artículo 150.2 TRLCSP que preceptua que “la evaluación de las ofertas conforme a los criterios cuantificables mediante la mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente la de aquellos otros criterios en que no concurra esta circunstancia, dejándose constancia documental de ello. Las normas de desarrollo de esta Ley determinarán los supuestos y condiciones en que deba hacerse pública tal evaluación previa, así como la forma en que deberán presentarse las proposiciones para hacer posible esta valoración separada”.

En el mismo sentido, el artículo 27 del Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público (RD 817/2009), dispone que “la documentación relativa a los criterios cuya ponderación dependa de un juicio de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independiente del resto de la proposición con objeto de evitar el conocimiento de esta última antes de que se haya efectuado la valoración de aquéllos” y, de manera consecuente, el artículo 30.2 del mismo reglamento establece que “en todo caso, la valoración de los criterios cuantificables de forma automática se

efectuará siempre con posterioridad a la de aquéllos cuya cuantificación dependa de un juicio de valor”.

Sobre el principio de confidencialidad y su conexión con la igualdad y la seguridad jurídica, el Tribunal de Justicia de la Unión Europea, en Sentencia de 30 de abril de 2014, Asunto T-637/2011, afirmó que se puede “(...) considerar garantizada la confidencialidad de las ofertas [por] que la comisión de apertura de las ofertas [se] halle en dos sobres sellados intactos. Esta norma contribuye de este modo a la seguridad jurídica, eliminando cualquier riesgo de apreciación arbitraria en la apertura de las ofertas, con un coste marginal desdeñable en medios económicos y técnicos, habida cuenta de todos los costes que conlleva la preparación de una oferta. Por consiguiente, la demandante no puede alegar fundadamente que tal obligación viola el principio de proporcionalidad (...).”

De igual modo, nuestro Tribunal Supremo, en Sentencia de 20 de noviembre de 2009, recurso de casación 520/2007, se hace eco de la relevancia del secreto de las proposiciones, diciendo que “se trata de garantizar no solo la igualdad entre los licitadores sino también de evitar que el poder adjudicador, o administración contratante, conozca su contenido con anterioridad al acto formal de apertura de las ofertas favoreciendo una determinada adjudicación en razón a ese conocimiento previo. Mediante tal exigencia se pretende que el proceso sea objetivo y desarrollado con absoluta limpieza sin interferencias. Por ello, cuando se quebranta el secreto de la proposición la nulidad del procedimiento constituye la consecuencia inevitable, tal cual hemos reflejado en el fundamento anterior.”

De la citada doctrina jurisprudencial se ha hecho eco este Tribunal en sus resoluciones. Así, por todas las Resoluciones números 441/2015, de 14 de mayo, 688/2014, de 23 de septiembre, como el el Dictamen del Consejo de Estado 670/2013.

Por consiguiente, a la vista de lo expuesto y de los artículos 150.2 del TRLCSP y 27 del RD 817/2009, al resultar comprometido el principio de igualdad y libre concurrencia, pues no queda respetada la confidencialidad del contenido del sobre que incluye las ofertas relativas a los criterios evaluables mediante juicio de valor con anterioridad a la valoración de la oferta a valorar mediante fórmulas automáticas, la estimación del recurso obliga a declarar la nulidad de todo el



procedimiento de licitación tramitado con posterioridad a la aprobación de los pliegos, por lo demás válidos, que rigen el mismo, debiendo abrirse de nuevo el plazo para la presentación de ofertas”.

Non procedería, por tanto, con base en todo o sinalado, estimar a petición do recorrente de retrotaer ás actuacións ao momento anterior da apertura do SOBRE C e nomear unha nova comisión independente, que permita obter unha valoración definitiva e correcta do SOBRE B, dado que é manifesto que compromete os principios de igualdade e libre concorrência, e o principio de confidencialidade, resultando imposible efectuar unha nova valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor (SOBRE B), toda vez que xa se coñece o contido das propostas dos licitadores en relación aos criterios avaliábeis directamente mediante fórmulas matemáticas (sobre c).

POSTA A DISPOSICIÓN DOS LICITADORES DA CANDIDATURA DO PROXECTO LIFE IN COMMON LAND

No escrito presentado polo recorrente, pon de manifesto que o texto da candidatura do proxecto LIFE IN COMMON LAND, non foi a posto a disposición dos participantes, o que impediu realizar ofertas de forma máis certera e efectiva.

A este respecto, o informe do Servizo de Medio Ambiente de data 10 de setembro do 2018, sinala textualmente que “En relación ao exposto relativo a que non se puxo a disposición dos licitadores o documento grant agreement, cabe aclarar que os licitadores tiveron sempre igualdade de oportunidades posibilidade e disposición de acceder ao proxecto, e tamén aclarar que ningunha das empresas licitadoras solicitaron acceder a este documento. Non obstante pode tomarse en conta este particular para seguintes procedementos.”

Sobre este particular é preciso destacar que a cláusula número 31 do PCAP reitor da contratación de referencia, regula un procedemento para a realización de consultas e a resolución de dúbidas polos potenciais licitadores durante o prazo de presentación de solicitudes, período no cal, se resolveron as dúbidas formuladas, pero ningunha das mesmas estaba relacionado coa posta a disposición dos licitadores da candidatura do proxecto LIFE IN COMMON LAND.

Por outra banda a cláusula número 11 do PCAP sinala expresamente que “A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade algunha”. Ase mesmo, a través do Anexo IV do PCAP (MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA), a incluír dentro do SOBRE C, os licitadores aceptan tomar parte na licitación do referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas pola Deputación provincial de Lugo, e manifestan coñecer e aceptan de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha. Consta no expediente, que dito Anexo IV foi presentado por todos os licitadores que accederon a apertura dos sobres C.

Conclúese, por tanto, en relación a este particular, que os principios de igualdade e libre concorrência, non se viron comprometidos pola circunstancia sinalada polo concorrente, toda vez que os licitadores se atoparon en igualdade de oportunidades á hora de presentar as súas ofertas e aceptaron o contido dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas coa presentación das mesmas, non constando tampouco no expediente nin consultas sobre este extremo, nin reclamación algunha sobre os pregos reitores da contratación.

Por canto vai dito, procede a xuízo dos que subscriben que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto pola mercantil CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL S.L.P., contra o acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo de data 29 de xuño de 2018, rectificado con data 6 de xullo do 2018, en virtude do cal procedeuse a desistir do procedemento de adxudicación da contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación, con base nos informes que obran no expediente.



2. *Notificar o contido íntegro do presente acordo aos candidatos ou licitadores que participaron no expediente de referencia xunto, con expresión dos recursos que procedan ante a mesmo e o prazo para a súa interposición.*

A presente resolución esgota a vía administrativa, e contra a mesma os interesados poderán interpoñer:

- *Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación do contido íntegro da resolución por parte dos interesados, de acordo co previsto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.*

- *Todo elo sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.*

Tal é o que se informa sobre este asunto con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito”.

Logo de ver o informe anteriormente transcrito, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto pola mercantil CERNA INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL S.L.P., contra o acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo de data 29 de xuño de 2018, rectificado con data 6 de xullo do 2018, en virtude do cal procedeuse a desistir do procedemento de adxudicación da contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”, con base nos informes que obran no expediente.

2º.- Notificar o contido íntegro do presente acordo aos candidatos ou licitadores que participaron no expediente de referencia xunto, con expresión dos recursos que procedan ante a mesmo e o prazo para a súa interposición

A presente resolución esgota a vía administrativa, e contra a mesma os interesados poderán interpoñer os recursos que se estimen procedentes.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO E CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVA A AVALIACIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICO-ADMINISTRATIVA DO PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA “LIFE16NAT/ES/707-LIFE IN COMMON LAND-XESTIONANDO EN COMÚN A TERRA, UN MODELO SOSTIBLE DE CONSERVACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL NAS ZONAS ESPECIAIS DE CONSERVACIÓN”.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND-Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”.

Resultando que os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Medio Ambiente, e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de asistencia técnica relativa a avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 104.516,28 euros, aos que haberá que engadir 21.948,42 € euros en concepto de IVE (21%), sendo o importe total de 126.464,70 euros, de acordo coas seguintes anualidades:

| Anualidade | Importe (IVE non engadido) | IVE (21%) | Importe (IVE engadido) |
|------------|----------------------------|-------------|------------------------|
| 2018 | 8.709,69 € | 1.829,04 € | 10.538,73 € |
| 2019 | 34.838,76 € | 7.316,14 € | 42.154,90 € |
| 2020 | 34.838,76 € | 7.316,14 € | 42.154,90 € |
| 2021 | 26.129,07 € | 5.487,10 € | 31.616,17 € |
| TOTAL | 104.516,28 € | 21.948,42 € | 126.464,70 € |

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no art.174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O financiamento das anualidades do 2019, 2020 e 2021 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIONES DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Examinadas as facturas remitidas pola Intervención Xeral relacionadas cos gastos ocasionados pola prestación de diversos servizos prestados a esta administración cuxos conceptos e importes que de seguido se detallan:

| ACREDORES | Nº FACTURA | DATA EMISIÓN | IMPORTE FACTURA | CONCEPTO |
|------------------|-------------------|--------------|--------------------------------|---|
| AIRA S. COOP. G. | FV-VTA-18-1-20760 | 31/01/2018 | 13.199,72 € | Subministración de pienso no mes de xaneiro do 2018. |
| | | | I.V.E. deducible 1.319,97 € | |
| AIRA S. COOP. G. | FV-VTA-18-2-20096 | 28/02/2018 | 12.010,93 € | Subministración de pienso no mes de febreiro do 2018. |
| | | | I.V.E. deducible 1.201,09 € | |
| AIRA S. COOP. G. | 39 | 31/03/2018 | 4.389,58 € | Subministración de pienso no mes de marzo do 2018. |
| | | | I.V.E. deducible 438,96 € | |
| AIRA S. COOP. G. | 40 | 31/03/2018 | 7.275,76 € | Subministración de pienso no mes de marzo do 2018. |
| | | | I.V.E. deducible 727,58 € | |
| AIRA S. COOP. G. | 54 | 30/04/2018 | 14.996,76 € | Subministración de pienso no mes de abril do 2018. |
| | | | I.V.E. deducible 1.501,22 € | |
| SUMA | | | 57.061,57 € | |

Logo de ver que xunto coas facturas constan:

a).- As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de que están verificadas as subministracións, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Medio Rural, Mar e Medio Ambiente.

b).- Declaración responsable da entidade que presenta as facturas, de que ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas



tributarias, coa Seguridade Social e con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c).- Memorias xustificativas explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Director da Granxa Gayoso Castro.

Tendo en conta que as demoras producidas na adxudicación destas subministracións, por fin ultimada na actualidade, resulta imputable ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación, no que houbo que solicitar informe sobre valoración de mostras do penso composto aportadas, a fin de verificar o cumprimento das prescricións técnicas.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible por razóns de saúde e benestar animal, para a administración provincial, que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desa prestación débemola entender inmanente ao expediente contractual previamente existente, pero cuxo prazo de duración estaría vencido, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén a licitación de ditas subministracións xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

As bases de execución orzamentaria para o exercicio 2018, establecen que no tocante ás facturas correspondentes á subministración de penso para os animais da Granxa Gayoso Castro, durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do 2018 (Facturas N° FV-VTA-18-1-20760, N° FV-VTA-18-2-20096, N° 39, N° 40 e N° 54), a Base 20 no seu apartado 2 establece que poden ser obxecto de validación, cos requisitos documentais establecidos no apartado 1° desa mesma base, os gastos realizados no exercicio corrente prescindindo do procedemento establecido tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios de execución do gasto.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, da Dirección da Granxa Gayoso Castro e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Validar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das facturas relacionadas (Nº FV-VTA-18-1-20760 de data 31/01/18, Nº FV-VTA-18-2-20096 de data 28/02/18, Nº 39 de data 31/03/18, Nº 40 de data 31/03/18, e Nº 54 de data 30/04/18; emitidas por AIRA, S. Coop. G., de subministración de penso para os animais da Granxa Gayoso Castro, correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2018.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO “DEPURADORA ECOLÓXICA DE AUGAS RESIDUAIS NO NÚCLEO DE O EMPALME, XERMADE”.

Resultando que pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria de data 29 de decembro de 2016 foi aprobado o Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Xermade coa finalidade común de colaborar na “Construción de depuradora ecolóxica no barrio do Empalme, na parroquia de Cabreiros”. O devandito Convenio foi asinado con data 30 de decembro de 2016.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de agosto de 2017 foi aprobada a modificación de dito Convenio fixando a data límite para executar os investimentos no 30 de novembro de 2017; e con data 29 de agosto de 2017 procedeuse a sinatura da modificación do Convenio anteriormente mentado.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2018 foi aprobada a modificación segunda do amentado Convenio, fixando a data límite para executar os investimentos no 30 de setembro de 2018. E con data 7 de marzo de 2018 foi asinada a modificación de dito Convenio.



Resultando que por Resolución da Presidencia de data 8 de marzo de 2018 foi aprobado o procedemento de contratación da obra XERMADE.- Construción dunha depuradora ecolóxica no barrio do Empalme (Cabreiros), elaboración de proxecto e execución das obras, así como a súa adxudicación á empresa ECOLAGUNAS SL, na cantidade de 30.353,38 euros e 6.374,21 de IVE, o que supón un total de 36.727,59 euros e cun prazo de execución de 3 meses, por ser a oferta máis vantaxosa.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Medio Ambiente, de Expropiacións e Control de Proxectos e de Intervención, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de execución da obra de XERMADE.- “Depuradora de augas residuais no núcleo de O Empalme”, cun orzamento de 33.416,10 euros aos que deberá engadirse 3.311,49 euros, redactado polo Servizo de Vías e Obras.

2º.- Determinar que os importes dos honorarios por redacción de proxecto se atopan incluídos na adxudicación á mercantil ECOLAGUNAS, S.L, por Resolución de Presidencia de data 8 de marzo de 2018.

3º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou comunicación previa, autorizacións ou concesións administrativas para a súa execución, haberá que proverse delas antes da iniciación das obras, sinalando que consta no expediente documento de cesión gratuíta de bens e dereitos da parcela con referencia catastral 27021A032003320000QS, do propietario D. Francisco Javier Pernas Amarelo.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial ao Racing Club Villalbés co obxecto de*

colaborar na actividade “Proxecto desenvolvemento “Fútbol formativo-deportivo-competitivo, ano 2018”.

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Racing Club Villalbés para sufragar os gastos derivados da actividade: “Proxecto desenvolvemento “Fútbol formativo-deportivo-competitivo, ano 2018”, polo importe de 20.000,00 €, co aboamento anticipado e con dispensa de garantía do 50% da subvención é dicir, 10.000,00 €.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017- 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, do Director da Granxa Gayoso Castro e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00 euros a favor da entidade Racing Club Villalbés para sufragar gastos derivados da actuación “Proxecto desenvolvemento “Fútbol formativo-deportivo-competitivo, subvención incluída na liña 4.2 que leva por título “Deportes” da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do PES vixente desta Excma. Deputación Provincial.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 €, con cargo ao vixente orzamento desta Entidade Provincial para o ano 2018, a favor da entidade Racing Club Villalbés, para sufragar os gastos anteriormente mentados.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.



Segundo.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial a Entidade Asociación Síndrome de Down, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Proxecto de ampliación e mellora das instalacións de Down Lugo", na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a entidade Asociación Síndrome de Down co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Proxecto de ampliación e mellora das instalacións de Down Lugo", polo importe de 30.000,00 €.

Tendo en conta que se trata dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017, en concreto, encádrase nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais da Liña 3.2.1. Benestar Social.

Tendo en conta os informes da Secretaría, dos Servizos de Contratación e Fomento, de Benestar Social e Igualdade e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade Asociación Síndrome de Down para sufragar gastos derivados da actuación "Proxecto de ampliación e mellora das instalacións de Down Lugo, na anualidade 2018", subvención incluída nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais, da liña 3.2.1. Benestar Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente desta Excma. Deputación Provincial.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000,00 € con cargo ao vixente orzamento desta Entidade Provincial para o ano 2018, a favor da entidade Asociación Síndrome de Down, para sufragar os gastos derivados da actuación anteriormente mentada.

3º. - Aprobar o Convenio canalizador no cal se instrumenta a citada subvención.

Terceiro.- *Proposta relativa á modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Xermade para a execución de fins comúns consistentes en: “Construción de peche perimetral do campo de fútbol de Cazás”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 6 de xullo de 2018, prestou aprobación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Xermade para a execución de fins comúns consistentes en: “Construción de peche perimetral do campo de fútbol de Cazás”. O devandito Convenio foi asinado con data 16 de xullo de 2018.

Resultando que Don Roberto García Pernas, Alcalde do Concello de Xermade, achega escrito con data 14 de setembro de 2018, a través do que manifesta “... está en fase de licitación, rematando o prazo de presentación de ofertas o 12 de setembro, polo que non é posible que estea executado o 30 de setembro de 2018...”.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación do Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Xermade para a execución de fins comúns consistentes en: “Construción de peche perimetral do campo de fútbol de Cazás”, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 31 de outubro de 2018, debendo presentar a conta xustificativa antes do 30 de novembro de 2018.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, da Addenda ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacións de Galicia, UNIATRMC GALICIA, para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – proxecto de ampliación de coñecementos” na anualidade 2017 e corrección de erros.*



Logo de ver a solicitude achegada pola representante da Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaci3ns de Galicia, UNIATRAMC GALICIA, en data 13 de setembro de 2018, de pr3rroga no prazo xustificaci3n da actuaci3n recollida ao abeiro do Convenio de referencia asinado en data 19 de abril de 2018, por importe de 40.044,00 € e aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2018 e, formalizado en documento administrativo, de data 19 de abril de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contrataci3n e Fomento, conformado pola Secretar3a Xeral, e de Intervenci3n, as3 como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a correcci3n do erro detectado no punto segundo da proposta de aprobaci3n do Convenio de referencia, de data 2 de febreiro de 2018, do seguinte xeito:

Onde di:

(...)

2º.- Aprobar o gasto de 44.044,00€ do orzamento desta Deputaci3n Provincial para o ano 2018, a favor da Asociaci3n anteriormente mentada, para sufragar os gastos derivados da actuaci3n “Imarisqueo – proxecto de ampliaci3n de coñecementos”, no ano 2017.

(...).

Debe dicir:

(...)

2º.- Aprobar o gasto de 40.044,00€ do orzamento desta Deputaci3n Provincial para o ano 2018, a favor da Asociaci3n anteriormente mentada, para sufragar os gastos derivados da actuaci3n “Imarisqueo – proxecto de ampliaci3n de coñecementos”, no ano 2017.

(...).

Quedando as3 aprobado o gasto polo importe correcto de 40.044,00€ do orzamento desta Entidade Provincial para o ano 2018, a favor da Asociaci3n de Traballadores Autónomos do

Transporte, o Mar e as Comunicacións de Galicia – UNIATRAMC GALICIA, para sufragar os gastos derivados da execución de Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017.

2º.- Aprobar a Addenda ao Convenio canalizador da subvención directa excepcional entre esta Excma. Deputación Provincial e a Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacións de Galicia, UNIATRAMC GALICIA, para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017, adxunta á presente proposta, e por medio da cal se modifican as cláusulas Terceira e Undécima do Convenio, quedando redactadas do seguinte xeito:

- Cláusula Terceira: “(...) Consideraranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2017 e ata o 30 de outubro de 2018 (...)”.

- Cláusula Undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 15 de novembro de 2018. (...)”.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.



2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-4402 "de la Cª de Paraxes a Lourenzá, por Bretoña, a Muiñonovo", P.K. 3+485 ao 7+305. RIOTORTO.

Contratista: Explotaciones Gallegas, SL.

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-0907 "Teilán (LU-611), límite municipal (LU-P-4204)", P.k. 0,000 ao 0,350 e LU-P-0905 "Bóveda (LU-P-4204)", P.k. 0,000 ao 0,350 e LU-P-0905 "Bóveda (LU-P-0903), Martín, LU-P-5804", P.k. 0,000 ao 2,300.

Contratista: FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L.

Coordinador de Seguridade das obras relacionadas: José Parajes Fernández.

14.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DAS RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN DIVERSOS EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.

Logo de ver o expediente expropiatorio relativo á obra: Nº 15 Z.A.E. 1996 SOBER.- C.P. "De Sober a Doade", ampliación y afirmado P.K. 0,000ao 2,000 e continuación.

Tendo en conta o informe do Servizo de Expropiacións, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Rectificar a titularidade, por erro material, das fincas nº 4, 5, 111, 113 e 115 aprobada en Xunta de Goberno de 29 de xuño de 2018, no seguinte senso:

| PARCELA Nº | ONDE DI | DEBE DICIR |
|----------------------|------------------------|-------------------------------------|
| 4, 5, 111, 113 e 115 | Ildefonso Campos López | Herederos de Ildefonso Campos López |

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Resultando que con data 8 de setembro de 2017 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I. O extracto da convocatoria e ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 221 do 25 de setembro de 2017.

Resultando que con data 2 de novembro de 2017 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Resultando que con data 29 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Tendo en conta que renuncian ás subvencións outorgadas as seguintes entidades beneficiarias:

| EXP. | EMPRESA | SUBVENCIÓN | D. RENUNCIA |
|----------------|--------------------------------|-------------|-------------|
| BE4/A-17-29941 | PROTS LUGO S.L | 7.845,36 € | 02/08//2018 |
| BE4/B-17-29837 | MARA SERVIZOS E LIMPEZAS, S.L. | 16.050,72 € | 07/09/2018 |

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



Aceptar as renuncias das empresas anteriormente mentadas.

16.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 184 do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

| CATEGORÍA | NOME ENTIDADE | NOME ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN |
|-------------------------|--|-----------------------------------|------------|
| ACTIVIDADE COMPETITIVA | ASOC. CULTURAL DEPORTIVA A PIRINGALLA | FÚTBOL | 1.566,00 |
| ACTIVIDADE COMPETITIVA | CLUB LUCENSE PADEL | PÁDEL | 658,00 |
| ACTIVIDADE COMPETITIVA | CLUB QUICELA GIMNASIA RÍTMICA | XIMNASIA RÍTMICA | 1.288,00 |
| ORGANIZACIÓN DE EVENTOS | B.T.T. LAGOA DE COSPEITO | RUTA BTT LAGOA DE COSPEITO | 485,00 |
| ORGANIZACIÓN DE EVENTOS | CLUB SAMOS FUTBOL SALA | TORNEO DE TÚBOL SALA SAMOS | 862,00 |
| ORGANIZACIÓN DE EVENTOS | OS ANGUIAS BTT | RUTA DE CICLISMO DA ANGUIA | 700,00 |
| ORGANIZACIÓN DE EVENTOS | CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE | TORNEO 3X3 FÚTBOL CERCUD BAAMONDE | 916,00 |

17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 151/2018-J.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 151/2018-J, interposto por CASER, S.A., contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611(de N-640 a N-640, por Castroverde, Maceda, Friol, Begonte e Xustás) P.K. 2,1 debido á irrupción dun xabaril na estrada; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

18.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO Nº 215/2018.

Vista a Providencia remitida polo Xulgado de Instrución nº 3 de Lugo, ditada nas Dilixencia Previas do Procedemento Abreviado nº 215/2018, contra D. Marco Antonio García Vilariño, na que se fai ofrecemento de accións a esta Excma. Deputación Provincial, e se conceden 5 días para que se aporte factura dos danos producidos na sinal que se di nos autos; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado como parte prexudicada.

2º.- Que polos Servizos que correspondan se faga a correspondente valoración de danos, tal e como require o Xulgado de Instrución nº 3 de Lugo.



19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.